



C O N C E L L O  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS

(A CORUÑA)

**MÓNICA PICHEL GARCÍA, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS ( A CORUÑA)**

**CERTIFICO:** Que en sesión de data de **11 de agosto de 2016**, a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe:

**5º.- Aprobación, se procede, do convenio de colaboración entre o Concello de Malpica de Bergantiños e as entidades organizadoras das Festas Parroquiais ano 2016.**

Considerando o disposto nos artigos 22.2 a) e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 65 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Visto o recollido na base 28ª de execución dos orzamentos municipais onde figuran as subvencións nominativas previstas para o ano 2016.

Considerando que as subvencións nominativas debe instrumentarse a través dun convenio de colaboración, en base ao disposto no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Visto o informe de intervención de data 11 de xullo de 2016

De conformidade coa resolución de alcaldía núm. 336/2015, 26 de xuño, segundo a cal “delégase a resolución dos expedientes relativos ao outorgamento de subvencións a particulares, entidades públicas ou privadas e imposición de sancións en relación coas mesmas, segundo o previsto legalmente”.

De conformidade coa proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas mediante resolución nº 336/2015 de 26 de xuño, adopta por unanimidade dos membros presentes o seguinte

**ACORDO:**

**Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre o Concello de Malpica de Bergantiños e as entidades que organizadoras dos festexos que a continuación se indican, a través do cal se instrumenta cada subvención nominativa, polos importes indicados e con cargo á aplicación 338.480.00.**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO/OBXECTO	IMPORTE
338.480	Festas do Mar de Malpica	5.410,00 €
338.480	Festas da Virxe do Carme de Barizo	721,21 €
338.480	Festas de San Xulián de Seaia	721,21 €



C O N C E L L O  
DE

MALPICA DE BERGANTIÑOS APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO/OBXECTO	IMPORTE
338.480	Festas de Santa Filomena de Buño	450,76 €
338.480	Festas de Santo Antonio de Buño	450,76 €
338.480	Festas da Virxe do Rosario de Cerqueda	450,76 €
338.480	Festas de San Cristovo de Cerqueda	450,76 €
338.480	Festas de San Blas en San Tirso de Vilanova	721,21 €
338.480	Festas de Santiago Apóstolo en Mens	721,21 €
338.480	Festas da Virxe do Deserto en Cambre	721,21 €
338.480	Festas da Virxe do Carme en Leiloio	450,76 €
338.480	Festas do Sacramento en Leiloio	450,76 €
<b>TOTAL</b>		<b>11.720,61 €</b>

"CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS E \_\_\_\_\_ PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA \_\_\_\_\_.

En Malpica de Bergantiños, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_ en nome e representación de \_\_\_\_\_, con CIF núm. \_\_\_\_\_, intervindo con facultade plena para a firma do Convenio.

Doutra parte, o Sr. Eduardo José Parga Veiga, Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños con DNI núm. 52.432.014 H, que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, intervéen con capacidade plena para a sinatura do presente convenio.

Tódalas partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración entre o Concello de Malpica de Bergantiños e \_\_\_\_\_.

EXPOÑEN

D) A Constitución Española sinala no seu artigo 43.3 que os poderes públicos fomentarán accións que melloren ás condicións de vida dos cidadáns.



C O N C E L L O  
DE

MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

I) Que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións se prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

III) Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións se configura o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

IV) Que na Base 28ª das de execución do orzamento do Concello de Malpica de Bergantiños para o ano 2016, se prevé unha subvención nominativa para o desenvolvemento da festa \_\_\_\_\_, que organiza \_\_\_\_\_.

En base a todo o que se acaba de expoñer, subscribese o presente Convenio de colaboración coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa prevista na Base 28ª de execución do orzamento para o ano de 2016 por parte do Concello de Malpica de Bergantiños.

SEGUNDA: Que as actividades subvencionadas consisten na celebración da Festa \_\_\_\_\_.

TERCEIRA: Que o Concello de Malpica comprométese a aportar a cantidade de \_\_\_\_\_ €, con cargo á aplicación orzamentaria 338.48000 do orzamento para 2016, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican no presente Convenio.

CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, e nos termos establecidos pola normativa de subvención, aplicable ao Concello de Malpica de Bergantiños.

En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades propias da asociación terán vinculación ou relación laboral de ningún tipo con Concello de Malpica de Bergantiños.

O Concello de Malpica de Bergantiños non terá ningunha responsabilidade civil e de accidentes individuais do persoal que preste os seus servizos durante a realización destas actividades, debendo estar a entidade beneficiaria da subvención ao estrito cumprimento da normativa vixente na materia.

QUINTA: Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda) e se realicen dende o 1 de xaneiro ata o 30 de decembro de 2016, sempre que se refiran a gastos correntes e que os mesmos foran precisos para a celebración da festa de \_\_\_\_\_.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- os xuros debedores das contas bancarias.
- xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- gastos de procedementos xudiciais.
- impostos directos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.



C O N C E L L O

DE

MALPICA DE BERGANTIÑOS

(A CORUÑA)

*Impostos sobre a renda.*

*SEXTA: Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei xeral de subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención durante o período correspondente.*

*SÉTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:*

*1) Non estar incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello*

*2) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*

*3) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.*

*4) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

*5) Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*

*6) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*

*7) Dar adecuada publicidade do carácter público da financiación da actividade subvencionada que sexan obxecto de subvención, co logotipo aprobado polo Concello de Malpica.*

*8) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.*

*Aos efectos de acreditar ditas obrigas, a entidade deberá presentar no Concello xunto coa SOLICITUDE, a seguinte documentación:*

- 1. Copia compulsada polo Concello ou notario dos estatutos en vigor da entidade, así como do acordo de composición actual dos órganos de representación.*
- 2. Copias compulsadas polo Concello ou notario do acordo de nomeamento de quen actúa na súa representación, e do seu DNI.*
- 3. Declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade no seu nome, de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, unida á xustificación pola entidade de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social (art. 14.1.e) LGS) mediante as certificacións indicadas no art. 22 RGS (que só se poden substituir por unha declaración responsable no caso de que o beneficiario non estea obrigado a presentar declaracións ou documentos a que se refiren as obrigas anteriores; en todo caso, o Concello deberá emitir de oficio certificado en canto á situación do beneficiario por obrigas tributarias relacionadas co ente local).*
- 4. Relación dos gastos (conceptos e importes) nos que prevé incorrer na cláusula I deste convenio.*
- 5. Declaración responsable do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e período obxecto de subvención. A estes efectos, indicase que esta subvención, dende o punto de vista do Concello, é compatible coa percepción doutras*



C O N C E L L O  
DE

MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

*condicións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que, en ningún caso, a súa contía engadida á da subvención outorgada polo Concello, supere o custe da actividade subvencionada.*

*A contía da subvención correctamente xustificada, ata o máximo da outorgada, deberá facerse efectiva polo Concello de Malpica de Bergantiños unha vez se proceda á correcta xustificación do emprego da total cantidade concedida do xeito que se regula no apartado referente á xustificación da subvención (reducíndose proporsinalmente no caso de que a xustificación sexa parcial).*

*OITAVA: Xustificación:*

*A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.*

*A presentación da conta xustificativa realizarase como máximo antes do 31 de decembro de 2015 aportando, perante o Concello a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada:*

- 1. Memoria das actividades efectivamente realizadas e obxecto da subvención durante o período ao que se refire a mesma.*
- 2. Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención), e facturas orixinais ou fotocopias compulsadas con xustificación de pagamento.*
- 3. Declaración responsable que non se alteraron as condicións indicadas nos apartados b) I e III do apartado "solicitud" deste convenio, ou indicación das circunstancias que teñan variado con respecto as mesmas. No caso en que os certificados achegados non estiveran vixentes, deberán aportarse outros novos.*
- 4. Certificación de estar ao corrente coa Facenda Municipal (que será expedido de oficio polo concello).*
- 5. Xustificación mediante fotografía correctamente testemuñada de cartel indicativo da subvención percibido polo Concello, aos efectos da necesaria publicidade da mesma 8art. 18.4 LXS).*

*A xustificación fóra de prazo implicará a perda de subvención concedida.*

**CUESTIÓNS ADICIONAIS**

- A) A entidade beneficiaria, sométese ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano municipal competente ou a Intervención municipal, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requerida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.*
- B) Procederá o reintegro total ou parcial da cantidades percibidas no suposto de incumprimento da condicións do presente convenio ou requerimentos de xustificación que poida facer a Intervención ou o órgano municipal competente, así como polo resto de circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.*
- C) O presente convenio terá vixencia ata o 31/12/2016.*



Avda. Emilio González, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)  
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

C O N C E L L O

DE

MALPICA DE BERGANTIÑOS

(A CORUÑA)

*seguinte e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello e polo órgano competente da entidade beneficiaria.*

*E) Son causas de resolución do presente convenio.*

- *A denuncia de calquera das partes.*
- *O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.*

*F) Infraccións e sancións. En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.*

*G) O presente Convenio ten natureza xurídico-administrativa.*

*H) As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello vixentes, en especial a 28ª e o Anexo I das mesmas, que a entidade beneficiaria declara coñecer, e á normativa de aplicación na materia.*

*O non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, 21 de xullo, e resto de lexislación de Réxime Local reguladora de subvencións públicas e do procedemento administrativo.*

*As cuestións litixiosas que surxan en aplicación do presente convenio serán resoltas en vía administrativa polo órgano competente e, no seu caso, ante a xurisdicción contencioso-administrativa.*

*E sen máis que manifestar en proba de conformidade, asinan este convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.*

*O alcalde*

*Asdo./ Eduardo José Parga Veiga*

*O representante*

*Asdo./ \_\_\_\_\_ ”*

E para que así conste no expediente da súa razón, expido a presente en Malpica de Bergantiños a 29 de agosto de 2016 co visto e prace do señor Alcalde.

Vº e prace

O alcalde

Eduardo José Parga Veiga

